



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Bases Xerais e Específicas da convocatoria excepcional dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo do Concello de Abegondo

ANUNCIO

Comunícase que por medio do Resolución de Alcaldía núm.446/2022 do día 31/10/2022 aprobáronse as bases xerais e específicas da convocatoria excepcional dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes ás prazas estruturais vacantes de persoal laboral fixo do Concello de Abegondo incluídas na oferta de emprego público de 2021 e incursas nos supostos das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro. (Estabilización de emprego temporal de longa duración).

Segundo o establecido no mencionado decreto, publícase o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DOS PROCESOS SELECTIVOS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS ESTRUTURAIS VACANTES DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ABEGONDO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021 E INCURSAS NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN)

EXPEDIENTE: 2022/E001/000002

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns dos procesos selectivos que convoque o Concello de Abegondo para a selección do persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, para a estabilización do emprego temporal, de conformidade coas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria para o ano 2021.

Por medio do decreto da Alcaldía núm. 25/2022 do 08/02/2022, que corrixiu o decreto da Alcaldía núm. 559/2021 do 28/12/2021, o Concello de Abegondo aprobou a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 44 do 07/03/2022.

As especialidades de cada proceso selectivo (natureza e características dos postos, requisitos de titulación, baremación de méritos...) serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán para rexer cada convocatoria.

SEGUNDA. Réxime xurídico e normativa de aplicación

As presentes bases xerais adecuaranse ao establecido na seguinte normativa:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, do 29 de decembro de 2021)
- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015)
- Os artigos 130 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril (BOE núm. 96, do 22 de abril de 1986)
- Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (BOE núm. 80 do 3 de abril de 1985)
- Os artigos 51 e 53 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE núm. 71, do 23 de marzo de 2007)
- E disposición concordantes

TERCEIRA. Ámbito de aplicación

Estas bases xerais rexerán os procesos selectivos que se convoquen, con carácter excepcional, polo sistema de concurso, para cubrir as prazas vacantes no cadro de persoal laboral do Concello de Abegondo incursas nos supostos das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro (estabilización de emprego temporal de longa duración), incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria para o ano 2021, aprobada por medio do Decreto da Alcaldía núm. 25/2022 do 08/02/2022 e publicada no BOP núm. 44 do 07/03/2022.

Rexeranse igualmente polo establecido nas correspondentes bases específicas e convocatorias.

Previamente á publicación de cada convocatoria, informarase a persoa traballadora afectada polo proceso de estabilización que se vai convocar a súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

Así, o número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Persoal Laboral:

Cód.	Denominación de posto	Dot	Vacantes
1006	Celador Concello	1	1
4002	Técnico de cultura medio	1	1
4005	Auxiliar Biblioteca	1	1
5002	Técnico deportivo	1	1
5009	Celador polideportivo	1	1
8002	Técnico de orientación laboral	1	1
9005	Enxeñeiro agrónomo municipal	1	1

CUARTA. Condicións de admisión de aspirantes

1. Con carácter xeral, para ser admitidas nos procesos selectivos, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de cada convocatoria:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a estabilizar.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Posuír a titulación esixida, isto é, posuír ou estar en condicións de obter o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida nas bases específicas que rexan cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.

Ademais, tamén será necesario:

- Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Abegondo a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.^a das presentes bases.
- Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar (CELGA ou equivalente), que se concretará nas bases específicas.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que en ningún caso computará como mérito. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos durante todo o proceso selectivo.

QUINTA. Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, nas que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Abegondo, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Xunto coa instancia debidamente asinada (anexo I), solicitando participar no proceso selectivo deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte, tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios ou documento válido en dereito que a acredite.

b) Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.

c) Titulación exixida para cada praza nas bases específicas.

d) Relación de méritos alegados para a súa valoración. Deberán achegarse debidamente numerados e diferenciados por apartados (experiencia profesional, titulacións académicas, cursos de formación ou perfeccionamento, outros méritos).

Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificados no prazo e forma anteriormente mencionados sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado. No devandito concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

e) Xustificante ou copia do documento acreditativo da transferencia ou ingreso na conta bancaria do Concello de Abegondo da taxa ou cantidade fixada como para dereitos de exame (taxa pola inscrición nas probas selectivas).

As copias que se acheguen non será necesario que sexan compulsadas, bastará a declaración responsable da persoa interesada sobre a autenticidade dos documentos así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que o Tribunal ou órgano competente do Concello poidan requirir que os aspirantes acrediten a veracidade das circunstancias ou documentos aportados, que fosen obxecto de valoración.

No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Respecto da valoración dos méritos relativos á experiencia laboral, acreditaranse achegando unha certificación da corporación ou administración que acredite o posto ocupado e tempo traballado, especificando o tempo traballado de forma ininterrompida, a data de inicio e a data de finalización. Tamén se deberá achegar un informe de vida laboral debidamente actualizado.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes. Non se computarán os servizos que se prestasen simultaneamente con outros igualmente alegados.

Coa presentación de instancias entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan as bases xerais e específicas das convocatorias.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicárase da forma que determina a disposición adicional sétima da

Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

SEXTA. Dereitos de exame

1. Será requisito necesario para poder participar nos procesos selectivos de estabilización aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, as taxas pola inscricións nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Abegondo reguladora da taxa, en función do grupo de clasificación da praza convocada, quedando fixadas deste xeito:

“Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo A1 ou como laboral fixo nivel 1: 80,00 euros

Para acceso, como funcionario de carreira ao grupo A2, ou como laboral fixo nivel 2: 70,00 euros

Para acceso, como funcionario de carreira ao grupo C1, ou como laboral fixo a nivel equivalente: 60,00 euros

Para acceso, como funcionario de carreira ao grupo C2, ou como laboral fixo a nivel equivalente: 50,00 euros

Para acceso, como funcionario de carreira, ao grupo AP, ou como laboral fixo a niveis equivalentes: 40,00 euros“

Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte, dependendo do proceso selectivo en concreto ou da praza vacante á que se opte:

Persoal Laboral:

Cód.	Denominación de posto	Vacantes	Importe
1006	Celador Concello	1	40,00 euros
4002	Técnico de cultura medio	1	70,00 euros
4005	Auxiliar Biblioteca	1	40,00 euros
5002	Técnico deportivo	1	70,00 euros
5009	Celador polideportivo	1	40,00 euros
8002	Técnico de orientación laboral	1	70,00 euros
9005	Enxeñeiro agrónomo municipal	1	80,00 euros

2. A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a copia do documento de transferencia ou ingreso.

3. A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES86 2080 0044 4631 1000 0018

4. En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

5. A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta do pago no dito prazo determinará a exclusión definitiva da persoa aspirante das probas selectivas.

SÉTIMA. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Abegondo: sede.abegondo.gal e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de cinco días naturais para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Abegondo: sede.abegondo.gal. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e o lugar, data e hora de constitución deste para a valoración dos méritos.

OITAVA. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O número dos membros dos tribunais nunca será inferior a cinco. Así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do dito proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

NOVENA. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

Procedemento de selección: concurso

Os procesos de selección realizaranse, tal e como establecen as disposicións adicionais 6.^a e 8.^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, que consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas aspirantes ás diferentes prazas.

A puntuación máxima será de 100 puntos. Valoraranse con carácter xeral os seguintes criterios:

a) Experiencia profesional. Puntuación máxima: 90,00 puntos.

1. Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

a. Servizos efectivos prestados no Concello de Abegondo en calidade de persoal temporal, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo secretario da entidade local. Puntuación: 0,80 puntos por cada mes completo.

b. Servizos efectivos prestados no Concello de Abegondo en calidade de persoal temporal noutra categoría diferente á praza obxecto de selección: 0,20 puntos por cada mes completo.

c. Servizos efectivos prestados noutras Administracións Públicas do réxime local (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal temporal, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. 0,30 puntos por cada mes completo.

d. Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,10 por cada mes completo.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas; neste suposto computaranse os servizos como prestados na Administración de orixe.

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante a certificación da Administración pública correspondente expedida polo/a secretario/a, na que deberá constar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto, e a data de inicio e finalización da vinculación.

A puntuación máxima do total do apartado a) será de 90 puntos.

b). Formación académica e non académica. Máximo 10,00 puntos.

1. Cursos de formación:

Valorarase a realización de cursos de formación expedidos, homologados ou acreditados ata a data da publicación da convocatoria, cuxo exercicio estea directamente relacionado coas funcións propias da praza á que se opta e que teñan sido convocados, impartidos ou homologados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP ou pola mesma Comisión Autonómica, por Administracións ou organismos públicos, universidades, colexios profesionais, federacións, organizacións sindicais e similares, acreditados oficialmente.

Non se valorará a asistencia a asembleas, xornadas, congresos, conferencias, seminarios, as materias que formen parte dunha titulación académica, os módulos ou partes integrantes dun curso, simposios ou similares.

Valoraranse os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, protección de datos, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática, administración electrónica...).

A acreditación da realización dos cursos realizarase mediante a copia simple dos títulos, diplomas ou certificación de superación dos cursos. Non se valorarán os cursos nos que no xustificante da súa acreditación (título, diploma ou similar) non consten as datas de realización nin as horas de duración.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Valoraranse os cursos conforme a seguinte escala:

Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,100 puntos por hora.

Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,150 puntos por hora.

Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,200 puntos por hora.

Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,300 puntos por hora.

Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,400 puntos por hora.

Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 0,500 puntos por hora.

En todos os casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

2. Titulación superior á requirida para o acceso a convocatoria da praza: Máximo 1,5 puntos.

A súa acreditación realizarase mediante achega do título, diploma ou resgardo de ter satisfeito os dereitos para a súa expedición, ou mediante certificación expedida pola Secretaría da Universidade ou Administración Pública correspondente.

A máxima puntuación a obter neste apartado referido á formación non académica (cursos de formación) e académica (titulación superior á requirida) é de 10,00 puntos.

DÉCIMA. Acreditación dos servizos prestados

1. Acreditación dos servizos prestados no Concello de Abegondo

Certificado emitido, previa petición por parte das persoas interesadas, pola persoa responsable da Secretaría do Concello de Abegondo.

2. Acreditación dos servizos prestados noutras Administracións Públicas ou entes do sector público:

Certificación expedida pola unidade competente da Administración ou organismo correspondente.

UNDÉCIMA. Relación de aprobados, cualificación

Unha vez terminada a baremación e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de persoas aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello: sede.abegondo.gal e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar aa persoas aspirantes que non superen unha puntuación de 50 puntos no concurso referido no apartado anterior.

O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

DUODÉCIMA. Criterios de desempate

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios na seguinte orde e sucesivamente:

1º. Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º. Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na administración convocante.

- 3º. Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º. Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º. A de maior idade.

A data que se terá en conta ou que servirá de referencia para aplicar os anteditos criterios será a data de publicación no BOE desta convocatoria.

DÉCIMO TERCEIRA. Acreditación de requisitos esixidos e nomeamento

As persoas aspirantes propostas acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se publican no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Abegondo: sede.abegondo.gal e, no seu caso, no taboleiro de anuncios, para maior difusión, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Como medida apropiada de axilización en virtude do previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; conforme o artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as Administracións Públicas non lles requirirán ás persoas interesadas os datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable ou que fosen achegados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos, debendo as Administracións Públicas solicitalos electronicamente a través das súas redes corporativas ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Presumirase que esta consulta é autorizada por parte das persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Excepcionalmente, se as Administracións Públicas non puidesen solicitar os citados documentos, poderán solicitar novamente á persoa a súa achega.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou desta se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

As persoas que tivesen a condición de persoal laboral do Concello de Abegondo estarán exentas de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento.

No caso de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa contratación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

DÉCIMO CUARTA. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

DÉCIMO QUINTA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor por parte das persoas interesadas o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao s da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, con carácter supletorio.

Abegondo, 31 de outubro de 2022
O alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE****CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN
DO EMPREGO TEMPORAL (LEI 20/2021)**

D./D.^a _____ con DNI _____ e domicilio en rúa
_____ CP _____, teléfono _____ e correo
electrónico _____.

EXPOÑO:

1. Que segundo convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. _____ de data ____ de _____ de 2022; reúno os requisitos esixidos na base cuarta das bases xerais reguladoras do concurso de méritos convocado para estabilización do emprego temporal de _____ prazas na categoría de _____ no Concello de Abegondo.
2. Baixo a miña única responsabilidade, acepto na súa totalidade e sométome ás bases reguladoras do concurso.
3. Achego copia da documentación sinalada na base quinta:
 - a. Titulación esixida nas bases.
 - b. Índice e documentación acreditativa dos méritos alegados.
 - c. Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega (Celga ou equivalente) esixido nas bases.

ANEXO II

BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DOS PROCESOS SELECTIVOS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS ESTRUCTURAIS VACANTES DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ABEGONDO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021 E INCURSAS NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN)

Cód.	Denominación de posto	Dot	Contrato	Titulación académica	Formación específica	Vacantes
1006	Celador Concello	1	Fixo	Estudios primarios		1

PRIMEIRA. Normas xerais

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos específicos para a convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria.

Por medio do decreto da Alcaldía núm. 25/2022 do 08/02/2022, que corrixiu o decreto da Alcaldía núm. 559/2021 do 28/12/2021, o Concello de Abegondo aprobou a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 44, do 07/03/2022.

Nesta oferta extraordinaria inclúense as prazas estruturais e vacantes existentes no Concello de Abegondo que, ben se atopan ocupadas de forma temporal e ininterrompida desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016 ou ben se atopan ocupada de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior o 1 de xaneiro de 2016, como é o caso da praza de Celador do Concello.

SEGUNDA. Actividades a realizar

- Atención ao público, telefónica e persoal
- Elaboración e mecanografado de escritos diversos, correspondencia e resto de documentos
- Manexo dos programas informáticos necesarios para a súa actividade (gravación de datos, obtención de listaxes, etc.)
- Xestión de correspondencia (recepción, distribución e arquivo)
- Tarefas sinxelas e programadas ou estandarizadas da xestión administrativa
- Fotocopiado de documentos e tarefas administrativas diversas
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

TERCEIRA. Requisitos das persoas aspirantes

